

# Proxecto Pesquería de POLBO 2016

Presentación Proxecto

27 de abril de 2016, Ames



# Proxecto

O estudo da actividade da flota adicada á captura de polbo con nasas na nosa Comunidade foi motivo de multitude de iniciativas no pasado.

En 2014 e 2015 preséntanse os resultados dos proxectos plurianuais GAP-2 e GEPETO, onde se trataban de analizar as problemáticas da actividade da flota de artes menores, con especial atención a flota que capturaba o polbo. Tamén se celebrou en Santiago un Foro internacional sobre a pesqueira do polbo, promovido por WWF.

A xestión actual en Galicia é a través dun “plan experimental e anual da Xunta”, que consta das principais medidas técnicas consensuadas polo sector e a administración.

# Obxetivos

Mediante este Proxecto, pretendese revitalizar a discusión sobre este recurso e avaliar a situación da pesqueira, en aras a tomar decisións para o futuro.

Esta iniciativa quere contar dende o seu inicio con tódalas partes implicadas na pesqueira (sector pesqueiro, administración, científicos e ONGs) para participar no debate e na busca de solucións.

Coñecer a opinión de tódalas partes, contrastar posibles solucións e acordar un calendario para a creación dun novo marco plurianual de xestión da pesqueira do polbo mediante nasas pola flota de artes menores de Galicia.

# Accións

1. Reunión inicial e elaboración de enquisas para o sector
2. Consulta do sector a través das Confrarías
3. Informe de situación e revisión de cuestionarios
4. Celebración de tres reunións cos representantes do sector
5. Deseño da estrutura e contido dunha Xornada final do proxecto
6. Celebración de Xornada final de propostas de futuro

# Cronograma

DATAS	ACCIÓNS	TAREFAS
Abril	Reunión presentación e elaboración enquisa	Fixar obxectivos e contidos
Maio	Traslado da enquisa o sector	Recopilar datos
Xuño/Xullo	Reunións zonais	Análise de resultados e propostas de mellora
Agosto	Deseño taller	Preparación reunión final
Setembro	Taller/Xornada final	Resultados proxecto e propostas de xestión futuras
Outubro	Finalización proxecto	Presentación conclusións finais



# A Enquisa

O obxectivo da enquisa é coñecer a opinión dos profesionais, de xeito que podan valorar a súa actividade e avaliar as propostas de mellora do seu traballo.

Para a elaboración da enquisa tomamos como base os traballos realizados en GEPETO / GAP-2 e as conclusións do Foro Internacional do POLBO (WWF).

A estrutura da enquisa e a seguinte:

1. Información persoal da actividade (baseado na enquisa GEPETO)
2. Valoración dos problemas e recomendacións de futuro (baseado nas recomendacións WWF)
3. Valoración da necesidade dun novo marco de ordenación (proposta para un novo plan)

# Resultados esperados

**Desenvolver un proxecto no que tomen parte todos os actores**

**Esta iniciativa quere contar dende o seu inicio con todas as partes implicadas na pesqueira, e sentar as base dun método de traballo baseado na coparticipación e cooperación.**

**Ó final do proxecto deberíamos ter un plan de actuación ou folla de ruta claro e consensuado para MELLORA-LA XESTIÓN DA PESQUEIRA DO POLBO E DEFINIR UN NOVO MARCO PLURIANUAL DE XESTIÓN.**